



| Guía Docente          |   |                    |                        |          |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                        | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Edición e Comentario dos Textos Galegos e Portugueses   | Código             | 613G02028              |          |
| Titulación            | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios                                   |                    |                        |          |
| Descritores           |   |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuadrimestre   | Terceiro           | Optativa               | 4.5      |
| Idioma                | Galego  |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                        |          |
| Departamento          | Galego-Portugués, Francés e Lingüística   |                    |                        |          |
| Coordinación          | Ferreiro Fernandez, Manuel  | Correo electrónico | manuel.ferreiro@udc.es |          |
| Profesorado           | Eirin García, Leticia   | Correo electrónico | leticia.eirin@udc.es   |          |
|                       | Ferreiro Fernandez, Manuel  |                    | manuel.ferreiro@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | Introdución teórico-práctica á edición e comentario de textos literarios galegos e portugueses. |                    |                        |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.  |
| A2                                  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                    |
| A9                                  | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.  |
| A11                                 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.  |
| A14                                 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15                                 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.  |
| A16                                 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos.  |
| A27                                 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.   |
| A28                                 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.   |
| B1                                  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B3                                  | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B5                                  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6                                  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |
| B7                                  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.   |
| B8                                  | Apreciar a diversidade.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.                                     |

| Resultados da aprendizaxe   |   |                 |          |
|---|---|-----------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título                               |                 |          |
|   | Coñecer e aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria. | A1<br>A2<br>A15 | B7       |
| Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios dos ámbitos galego e portugués aplicando as técnicas de análise textual. | A1<br>A2<br>A14<br>A15  | B7              | C1<br>C6 |



|  |                        |                |          |
|--|------------------------|----------------|----------|
| Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura, críticas etc.).   | A2<br>A9<br>A11<br>A15 | B1<br>B6<br>B7 | C1<br>C6 |
| Saber analizar, avaliar e sintetizar criticamente información especializada relativa á edición e comentario de textos galegos e portugueses.                       | A11<br>A14             | B1<br>B3<br>B7 | C6       |
| Coñecer a edición de textos e a crítica textual.   | A16                    | B3<br>B8       | C6       |
| Coñecer a evolución histórica das linguas galega e portuguesa.   | A27<br>A28             | B3<br>B8       | C6       |
| Coñecer e utilizar os principais recursos web e bibliográficos, así como as bases de datos necesarios para a edición e comentario de textos galegos e portugueses. | A11                    | B1<br>B3       | C6       |
| Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.   | A11<br>A14<br>A15      | B3<br>B5       | C6       |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| 1. Ecdótica, crítica textual, textoloxía                     | 1.1. Conceptos xerais: teoría e método<br>1.2. Introducción á edición crítica       |
| 2. A Ecdótica e a Crítica Textual no ámbito galego-portugués | 2.1. O período medieval<br>2.2. A literatura galega<br>2.3. A literatura portuguesa |
| 3. O comentario de textos                                    | 3.1. Textos literarios<br>3.2. Textos non literarios                                |

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados                          | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral       | A1 A16 A27 A28                                     | 15                                      | 22.5                    | 37.5         |
| Obradoiro              | A1 A2 A11 A14 A15<br>B1 B3 B7 C1 C6                | 14                                      | 28                      | 42           |
| Lecturas               | A11 B3 B6 B7 B8                                    | 1                                       | 12                      | 13           |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A9 A11 A14<br>A15 B1 B3 B5 B6 B7<br>B8 C1 C6 | 1                                       | 12                      | 13           |
| Proba mixta            | A1 A2 A9 A11 A14<br>A15 A16 A27 A28 B7<br>C1       | 1                                       | 5                       | 6            |
| Atención personalizada |  | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías     |  |
|------------------|--|
| Metodoloxías     | Descrición   |
| Sesión maxistral | Sesións de traballo en que o profesorado explica os contidos teóricos e procedementais fundamentais para que o alumnado poda atinxir as competencias e destrezas previstas na materia. |



|                     |   |
|---------------------|---|
| Obradoiro           | Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.<br>Contémpanse, entre outras, a realización de prácticas ecdóticas e de comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC e estudos de casos. |
| Lecturas            | Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesorado.<br>No paso 8 desta Guía, atópase a referencia da obra de lectura obrigada.   |
| Traballos tutelados | Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesorado, escollido entre unha serie de propostas presentadas no inicio de curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes de diverso tipo.   |
| Proba mixta         | Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico, de edición e comentario etc.  |

## Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición  |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | O profesorado orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria, especialmente para a realización do traballo tutelado. Cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento.<br>A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas. |

## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados                          | Descrición   | Cualificación |
|---------------------|--|--|---------------|
| Lecturas            | A11 B3 B6 B7 B8                                    | Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado.<br>Eventualmente poderán ser solicitados breves resumos ou fichas de lectura.                     | 15            |
| Traballos tutelados | A1 A2 A9 A11 A14<br>A15 B1 B3 B5 B6 B7<br>B8 C1 C6 | Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.   | 25            |
| Obradoiro           | A1 A2 A11 A14 A15<br>B1 B3 B7 C1 C6                | Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.).  | 20            |
| Proba mixta         | A1 A2 A9 A11 A14<br>A15 A16 A27 A28 B7<br>C1       | Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con edición e comentario de textos. Serán valoradas cuestións como o rigor expositivo e a calidade expresiva. | 40            |

## Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades solicitados no prazo fixado.

Todas as actividades e probas deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións etc.). No caso de se produciren deficiencias deste tipo, estas serán penalizadas na cualificación.

As persoas matriculadas a tempo parcial e que obtiveren dispensa académica deberán pórse en contacto co profesorado para fixar os traballos que deberán entregar. Tamén deberán pórse en contacto co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatible co seguimento da materia, mais que non cumpra as condicións para obter a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderá ter condicións de avaliación equivalentes aos da dispensa académica.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%.

As persoas que non superaren a materia deberán entregar, na data marcada pola Facultade de Filoloxía para a segunda oportunidade, os traballos solicitados polo profesorado (ficha da obra de lectura obrigada [15%] e traballo tutelado [35%]) e superar a proba mixta [50%]. Estas mesmas condicións serán aplicadas na convocatoria adiantada de decembro.



## Fontes de información

### Bibliografía básica

- AA.VV. (1986). Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981). Paris: Fondation Calouste Gulbenkian
  - AA.VV. (1986). Comentário de Textos Literários. Madrid: Alhena
  - Azevedo Filho, L. de (1987). Iniciação em crítica textual. Rio de Janeiro: Presença
  - Bleca, A. (1983). Manual de crítica textual. Madrid: Cátedra
  - Crespillo, M. (ed.) (1997). Comentario lingüístico de textos. Málaga: Universidad de Málaga
  - Marchese, A. / Forradellas, J. (2000). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona: Ariel
  - Marcos Marín, F. (1978). El comentario lingüístico (Metodología y práctica). Madrid: Cátedra
  - Martínez-Gil, V. (coord.) (2001). L?edició de textos: història i mètode. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya
  - Reis, C. (1978). Técnicas de Análise Textual. Coimbra: Livr. Almedina
  - Spaggiari, B. / Perugi, M. (2004). Fundamentos da Crítica Textual. História. Metodologia. Exercícios. Rio de Janeiro: Lucerna
- Obra de lectura obrigada: Cambraia, C. Nardelli (2005): Introdução à crítica textual (São Paulo: Martins Fontes).

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías